

Fonte: <http://www.diariodeferrrol.com/articulo/ferrol/os-premios-mestre-mateo-destacaron-o-traballo-audiovisual-feito-en-ferrol/20130408224811040597.html>

[Data de descarga 6-5-2013]

Os Premios Mestre Mateo destacaron o traballo audiovisual feito en Ferrol

Rivera, tras recoller o galardón como mellor intérprete feminina de reparto

Patricia G. Fraga

Os Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual, que celebraron a súa gala anual a pasada fin de semana, recoñeceron en varias das súas categorías o traballo feito por profesionais ferroláns. O máis destacado foi o premio á mellor interpretación feminina para Mabel Rivera. Esta actriz de San Xoán de Filgueira, que xa ten no seu poder un Goya por “Mar adentro”, recibiu o recoñecemento pola interpretación do personaxe de Juana de Vega na película para televisión “Concepción Arenal, a visitadora de cárceres”.

Un traballo de varias compañías entre as que está Zenit Televisión do que é produtora a ferrolá Zaza Ceballos, rodado nalgunhas partes no mosteiro de Santa Catalina, en Ares, e no castelo de San Felipe de Ferrol. Esta longametraxe tamén recibiu o Premio Mestre Mateo na categoría de mellor vestiario.

Outro afortunado foi o fenés da parroquia de San Valentín Alberto Díaz “Bertitxi”. Este director de fotografía foi recoñecido cun Mestre Mateo polo seu traballo na longametraxe “Vilamor”, algo que xa lle sucedera anteriormente xa que por esta mesma cinta recibiu o galardón á mellor fotografía no Festival Internacional de Cine de Nova York o pasado ano. No seu haber figura unha destacada experiencia no cinema galego con longametraxes como “Pradolongo”, documentais e programas de TVG.

mellor curtametraxe

Na categoría de mellor curtametraxe de animación non houbo sorpresas e a mellor obra foi para “O Xigante”, unha cinta producida por Abano Films da ferrolá Chelo Loureiro. Este traballo dirixido por Luís da Matta e estreado o pasado ano no teatro Jofre de Ferrol non deixa de colleitar galardóns alí por onde vai. Xa leva gañados 20 premios por todo o mundo e foi seleccionada para competir noutros 40, entre eles está o festival francés de Clermont-Ferrand, considerado o mellor do mundo no eido das curtametraxes.

En canto ás súas intervencións, tanto Mabel Rivera como Chelo Loureiro non deixaron de tirarle das orellas aos políticos e reivindicar o valor do cinema e a súa importancia no eido cultural, educativo, económico e incluso “terapéutico”.